



Analizada a documentación publicada na sede electrónica do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, baixo o título “Parque eólico Rebordecho de 154 MW TTMM: Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Espadañedo, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio, Laza, Castrelo do Val, Verín, Monterrei y Cualedro (Ourense)”, dende o Concello de Vilar de Barrio queremos manifestar:

1º.- A Serra de San Mamede ten un valor incalculable dende o punto de vista ecolóxico, medioambiental e social. É o refuxio de fauna e flora de gran valor, alberga o nacente do Río Arnoia e ostenta un enorme potencial turístico. Nela, ademáis, desenvólvese un sector gandeiro dinámico. Para o Concello de Vilar de Barrio representa máis do 70% do seu territorio.

2º.- Toda actuación nun entorno destas características debe ser respetuoso co territorio e co seu tecido social, sinaladamente cos veciños e cos Concello implicados.

3º.- O proxecto referido non conta nin co respaldo da Xunta de Montes en Man Común de Rebordecho (lexítimos propietarios dos terreos nos que se proxectan as intalacións), nin co aval do Concello de Vilar de Barrio. Por elo, a mensaxe trasladada á empresa promotora foi clara: instalacións coa densidade e ubicación propostas conforman unha agresión medioambiental que rexeitamos.

4º.- Calquera proxecto, para a instalación de infraestructuras destinadas a enerxía eólica ou doutro tipo, debe ser **RESPECTUOSO COA SERRA DE SAN MAMEDE**, efectuarse en **CONSENSO COS AFECTADOS** (Xuntas de Montes, veciños e Concellos) e **REDUNDAR NO DESENVOLVEMENTO SOCIAL DO ENTORNO**.

Vilar de Barrio, 12 de febrero do 2021  
O ALCALDE

Manuel Conde Gómez